

Normativa reguladora máis relevante: RD 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010; Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 5 de febreiro de 2018.

Aprobado en Xunta de Facultade o 27/02/2018

Denominación do título de GRAO	Grao en Deseño e Creación
Centro de impartición na Universidade de Vigo	Facultade de Belas Artes (Campus de Pontevedra)
Obxectivos do título	<ul style="list-style-type: none"> • Proveer ao estudantado das capacidades para obter un perfil de profesional do deseño que poida soste as súas actividades en todos aqueles aspectos técnicos e creativos do deseño gráfico, deseño audiovisual e deseño multimedia, dende as primeiras fases de ideación e concepción ata as fases últimas de produción e distribución. • Dotar ao estudantado dunha formación que lle permita integrarse profesionalmente asimilando os códigos de boa conducta que rexen a práctica profesional do deseño. • Promover o coñecemento e o dominio das habilidades que son propias do xeito de pensar e traballar dos deseñadores no exercicio da súa labor. • Fomentar unha aproximación ao deseño orientada ao coñecemento das súas diferentes modalidades, tradicións, e a comprensión dos procesos técnicos e tecnolóxicos, así como o coñecemento dos materiais e as habilidades técnicas necesarias para traballar con eles. • Promover o coñecemento de aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do contexto do deseño e dos seus produtos e servizos ao longo de todo o seu ciclo de vida. • Dar a coñecer o rol social do deseñador, salientando a necesidade social de innovación e sustentabilidade así como promover e facilitar as colaboracións entre profesión, industria e sociedade. • Promover unha aproximación ao deseño que potencie a interacción entre o deseñador e os demais profesionais involucrados no proceso. • Promover a capacidade de adaptación aos rápidos cambios da contorna e da propia

	<p>disciplina do Deseño, frecuentemente situada en territorios fronteirizos da creación, e entre múltiples disciplinas cuxo contido e nomenclatura pode cambiar en función de múltiples circunstancias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fomentar a capacidade de adaptación rápida ao impacto dos novos medios, tecnoloxías e soportes, que dun xeito cada vez máis rápido e interdisciplinar requiren substituír as habilidades técnicas tradicionais por outras de carácter máis xenérico. • Promover a investigación como a base para un desenvolvemento continuo do deseño e a súa cultura, así como tamén para exercer o rol estratéxico que lle corresponde. Iniciar ao estudante nas prácticas da investigación, facéndolle comprender as regras do rigor e a esixencia co propio traballo. • Todos estes obxectivos pódense resumir nun obxectivo primordial: que a titulación de Grao en Deseño e Creación se dirixa a potenciar a formación integral dos/as deseñadores/as dotándoos/as dunha base axeitada para intervir no desenvolvemento, proxección e produción da cultura material e visual do home na súa dimensión social, cultural, estética y económica.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	07/02/2018
Persoa de contacto no centro	Nome: Silvia García González
	E-mail: silviagarcia@uvigo.es
	Teléfono: 986801806
É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas?	<input checked="" type="checkbox"/> Non
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Sí, indicar profesión regulada:
	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Sí, indicar cales: <ul style="list-style-type: none"> • A nova titulación ten en conta a estrutura económica da comunidade autónoma de Galicia, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos/das estudantes, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia. • Carácter esencial e estratéxico que da resposta ás necesidades formativas do Sistema Universitario de Galicia. • Acredita a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles. • Fomentan o espírito emprendedor e o

	<p>autoemprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ten en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora, así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades. • Inclúe unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación se se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e o ámbito económico e profesional. • Non coinciden con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade, nin no SUG. • Xustifícase o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus, e potencia a súa singularidade dentro do SUG.
<p>Cumpre os requisitos específicos para títulos de grao recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar cales</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deseño curricular que favorece a empregabilidade. • Favorece a retención de talento no ámbito socioeconómico galego. • Estrutura dos estudos a partir dun modelo que recolle materias compartidas nos primeiros cursos dos estudos do Grao en Belas Artes, cunha diversificación adecuada nos últimos cursos, co obxectivo de facilitar a mobilidade dos/as estudantes entre as diversas opcións e mellorar a eficiencia no uso dos recursos.
<p>Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)</p>	<p>Ho8, Ho9, Ho7, Xo1, Ho5, Xo4</p>
<p>Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do grao e a súa adecuación aos requisitos que figuran no artigo 4 do Decreto 222/2011</p>	<p>O Grao en Deseño e Creación que se propón cumpre os requisitos establecidos no artigo 4 do decreto 222/2011 da Xunta de Galicia:</p> <p>Atendendo ao «Plan Galicia Innova 2020», promovido pola Xunta de Galicia co obxectivo de articular e reforzar a política de I+D+i de cara á consecución dos obxectivos que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), establece como unha das Áreas de Acción Estratéxica a «Innovación e Emprendemento Empresarial». Esta acción pretende impulsar a transformación dos sectores produtivos de Galicia, entre outras estratexias, a través do «Programa Deseño Empresarial», que propón o fomento da implantación do Deseño nas empresas como instrumento de innovación e competitividade, especialmente nas PEMEs.</p>

	<p>A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3) establece as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta de Galicia froito da esixencia da Comisión Europea e na que participan os principais axentes do Sistema Galego de Innovación coordinados pola Axencia Galega de Innovación GAIN. Un dos tres retos prioritarios é o da necesidade dun novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento, e no seu punto 2.1 propón a «Diversificación dos sectores tractores galegos» a través do «Desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación, o deseño e a innovación».</p> <p>Alineado co programa RIS3, a Axencia Galega de Innovación GAIN está a desenvolver na actualidade o programa «Design for innovation» (Deseño para a innovación), pertencente ao programa Interreg Europe e no que participan diferentes universidades europeas, sectores empresariais e centros de investigación relacionados co deseño. O obxectivo é o de apoiar aos gobernos na integración do Deseño nas súas liñas de actuación rexionais (políticas, programas, axudas...) para impulsar a competitividade das PEMEs, así como para desenvolver, implementar e supervisar Plans de Acción de Deseño.</p> <p>A profesión do Deseño, una disciplina relativamente xoven, foi clave na modernización de Galicia nas últimas décadas e atópase asentada na nosa comunidade, pero a ausencia en Galicia duns estudos universitarios de Deseño (gráfico, audiovisual e multimedia) provocou unhas carencias que afectan ao ámbito empresarial, cultural e de investigación. Por iso, ante este panorama de futuro no que o Deseño resulta un factor fundamental, a nova titulación de Grao en Deseño e Creación ven a normalizar a situación da formación dos futuros profesionais e investigadores do deseño en Galicia e agarda contribuír á súa formación nos vindeiros anos con un perfil que permita a súa inserción laboral nos sectores estratéxicos.</p> <p>O Grao en Deseño e Creación é un grao único en todo o Sistema Universitario Galego e tamén en todo o Noroeste da Península, o cal presupón unha demanda alta de estudantes non so de Galicia senón tamén de fora da comunidade. Impártese na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra, compartindo os recursos humanos e materiais do centro coas titulacións de Grao en Belas Artes, Mestrado en Arte Contemporáneo, Creación e Investigación, Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual e Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda, o que garante a súa viabilidade económica.</p> <p>O novo grao enmarcase no camiño da</p>
--	--

	<p>especialización do Campus de Pontevedra denominado «Campus Crea S2i: Social and Sustainable Innovation» centrado nos sectores creativos, artísticos, de innovación e de sustentabilidade na sociedade. Resulta unha peza esencial que se incorpora ás titulacións do campus que configura un potente polo creativo e de innovación no territorio galego potenciando a súa singularidade dentro do SUG.</p> <p>A Facultade de Belas Artes ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade para todas as súas titulacións que inclúe mecanismos de autoavaliación que permiten unha revisión continua das mesmas, podendo propoñer cambios significativos no plan de estudos e na súa organización como consecuencia dos cambios na sociedade, na economía ou no ámbito empresarial e profesional.</p> <p>O Grao en Deseño e Creación atende ademáis a unha formación dos alumnos/as con un coñecemento do mundo empresarial, na xestión e o emprendemento.</p>

- A data límite para enviar a declaración de intencións sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2019/20 é o **28 de febreiro de 2018**.
- Enviar a verifica@uvigo.es